

Eira Vella edita a revista A Xanela e promoveu a publicación dunha serie de autores: Maxi Rei, Gabriela Rodríguez, Pérez Parallé, Luís A. Cortiñas, Lino García, Helena Robledo,... entre outros.

# En Betanzos coa Asociación Eira Vella

**O escritor Xesús Torres é un dos seus principais e máis cualificados valedores**

**PÁXINA  
LITERARIA**  
JULIO  
VALCÁRCEL



**E**se fenómeno de masas —como dixo Ferrín— no que se converteu Lois Pereiro ao dedicárselle o Día das Letras Galegas, levounos a Betanzos a participar na súa homenaxe.

Acudimos na compañía de Miguel Mato Fondo, que acaba de publicar un libro sobre o poeta de Monforte, libro do que me falou con entusiasmo Luciano Rodríguez, e acompañando tamén a Manuel Rivas, sen dúbida o factótum principal na concepción, ideario e materialización do fenómeno Pereiro, de amplo e espallado eco.

O acto de Betanzos estaba organizado pola Asociación Cultural Eira Vella, con Pilar Vázquez a fronte das operacións. Xa antes de entrar ao salón de actos puidemos admirar os traballos dos alumnos expostos nunha serie de paneis no que se amosaban deseños, caricaturas, versos, comentarios..., dedicados ao homenaxeado.

facendo un atinado símil entre o cristal, tan duro como quebradizo, que Lois Pereiro traballaba na industria familiar e o propio ser do poeta que traspasou ao papel a súa vivencia agónica, marcada case sempre pola experiencia da dor.

Pola súa banda, Miguel Mato situou a Pereiro no contexto dunha tradición romántica internacional, como heroi que desaparece novo e que suscita todo un caudal de admiración e de recoñecemento.

Precisamente ese fervor confirma o acerto da Academia Galega á hora de elexir a Pereiro, pois conecta cun público maioritariamente mozo, algo importante cando se trata de buscar relevos nun momento tan delicado e tan hostil como o que padece o idioma galego coa actual Consellería de Educación.

O reencontro cos amigos de Betanzos, Alfredo Erias, Xosé María Veiga e a súa filla, Elena Veiga, escritora que acadou o Premio Biblos, foi moi grato e afectuoso. Asemade, a cea posterior e longa conversa cos membros de Eiravella, a citada Pilar, Suso Torres, Ma-

rosas actividades que realiza, a Asociación promove a publicación da revista "A Xanela", á que temos

feito referencia nestas páxinas e dunha serie de libros, como os poemarios "Vizofío", de Maxi Rei;



"Elemental", de Gabriela Rodríguez, sobre os catro elementos de Empédocles; "Espertar", a dúo entre Lino García Salgado e Helena Robledo Muña, compaxina fotografía e versos. Luís A. Cortiñas é o autor de "Traición consagrada. A gran derrota do pobo hispano". Nado en Betanzos, Cortiñas foi encarcerado na Coruña en 1936, xulgado e condenado por rebelión militar a cadea perpetua.

Exiliado desde 1941, en 1958 publica en Paraná (Argentina) este libro que relata as penalidades sufridas polo autor durante os catro anos que pasou ingresado. Debemos a Xesús Torres a recuperación e tradución desta obra única que ofrece, por momentos, sorprendentes opinións (por caso, sobre Casares Quiroga).

Tamén nos aledou moito saudar a Miguel e Alicia López Pardo, que levan a Asociación Roxin-Roxal de Paderne, encargada, entre outras actividades, da organización de roteiros que conxugan os valores paisaxísticos e deportivos cos culturais, etnográficos, gastronómicos...

Unha forma marabillosa e moi saudable de afondar no coñece-